

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 24 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo que se somete a información pública o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo (Ourense).

De conformidade co disposto nos artigos 63 e 64 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do Decreto 143/2016, do 23 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a dita lei, os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral, e cuxa formulación, tramitación e aprobación corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Atendendo ao dito mandato normativo, a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acordou, mediante a Resolución do 23 de xaneiro de 2024, aprobar inicialmente o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo, sometelo a información pública e suspender o outorgamento de licenzas por un prazo de dous anos contados desde a aprobación inicial naqueles ámbitos en que a nova ordenación do Plan básico municipal altera a ordenación vixente, segundo o recollido no resumo executivo que se integra no expediente. En todo caso, a suspensión do outorgamento de licenzas extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

En cumprimento do disposto nos artigos 64.3 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, e 156.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, sométese a información pública o Plan básico municipal do Concello de Viana do Bolo, polo prazo de dous meses contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante o referido prazo, calquera persoa poderá examinar o documento en horario de oficina, nas seguintes dependencias:

– Servizo Provincial de Urbanismo da Xefatura Territorial de Ourense (praza Eduardo Barreiros, 12, baixo, 32003 Ourense. Teléfono: 988 68 73 34).



– Concello de Viana do Bolo (rúa da Constitución, 14, 32550 Viana do Bolo (Ourense).
Teléfono: 988 34 01 20).

Así mesmo, poderá consultarse o documento a través da seguinte ligazón:

https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Territorio_e_urbanismo_Planeamento_urbanistico?content= SX_Ordenacion_Territorio_Urbanismo/Participacion_publica/seccion.html&std=Participacion_publica.html

Durante o referido prazo, calquera persoa poderá achegar alegacións no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou en calquera dos rexistros e oficinas sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2024

M^a Encarnación Rivas Díaz
Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

